


Deseño do Proxecto

Esta situación de aprendizaxe forma parte do proxecto "Visita guiada ao noso patrimonio". Organizaremos un **espazo expositivo escolar** amosando ao resto da comunidade o noso traballo de indagación sobre un **elemento patrimonial** pertencente á nosa contorna. Se aínda non coñecemos as características da proposta buscaremos unha **cidade a este vídeo**. Nesta actividade realizaremos o **deseño** do proxecto de nosa **EXPOSICIÓN**.



Nome da actividade proposta

Introdución

Dentro de cada unha das situacións de aprendizaxe atoparás unha serie de actividades que contribuirán á execución do proxecto final: a elaboración dunha exposición. Propóñense distintos tipos de actividades, vídeos de apoio, presentacións, actividades de comprensión, repaso...

Imaxe ilustrativa da actividade proposta

Opcións de... Deseño de Proxecto



Opcións

O proceso de deseño e posta en marcha dunha Expo está repartido en dez propostas. Cada unha delas ten varias opcións para que se poida adaptar aos vosos intereses, ao tema elixido, ao voso espazo, ao tempo de execución do proxecto...Lede as propostas e elixide cal ou cales podedes desenvolver. Tede en conta que para moitas delas é necesario o uso de elementos tecnolóxicos. Pensade en que deben ser realistas e axustarse ás vosas posibilidades.




Mans á obra

O proceso de elaboración dun produto paso a paso. Todo o que necesitates saber para levar a cabo con éxito a proposta. Pero antes debes saber cales son os materiais que compoñen a cesta.




A Expo

Neste apartado atoparás información importante sobre como coñecer, respectar, coidar e mellorar o noso patrimonio. Máis información sobre o obxecto da nosa exposición. E algunha proposta alternativa por se queres mellorar aínda máis a Expo.



Premium

A proposta tamén ten un apartado para os/as máis atrevidos/as con suxestións dun grao de complexidade tecnolóxica máis alto. Atrévadesvos?



Autoavaliación

A maiores de avaliar o produto final, é necesario reflexionar acerca do que aprendemos, o noso papel no grupo, as nosas aportacións, o que imos mellorando no coñecemento das ferramentas dixitais e do patrimonio.

Docencia

Este apartado está máis deseñado para axudar ao profesorado e darlle información para que leve á clase esta proposta. Pero se vos apetece non dubidedes en botarlle un ollo.

Manual de uso

O proxecto "Visita guiada ao noso patrimonio" está composto por dez situacións de aprendizaxe que contribúen ao obxectivo final de inaugurar unha exposición sobre un tema do noso interese.

Todas teñen unha organización sinxela e a mesma estrutura con seccións fixas. Para acceder a cada unha delas só tes que premer nelas.